Paula Carballeira 4ºC



Este curso os alumnos do 2º Ciclo de Primaria tivemos a gran sorte de disfrutar unas horiñas de esta gran persoa.
O encontro tivo lugar o día 25 de Febreiro no salón de actos.
Chegou ao noso colexio cargada de anécdotas e de simpatía e sentímonos invadidos por esa alegría que irradia a súa presencia.
Nunha primeira toma de contacto falounos da súa vida.Díxonos que dende sempre lle gustara contar contos e que sempre llos contaba a súa irmá pequena.Contounos tamén que dende moi nova quixera ser actriz, pero que os seus pais sempre lle dicían:"Estuda moito para poder ser o que queiras". E así o fixo, ata que despois de rematar os estudos universitarios, se adicou ao que realmente lle gusta: o teatro, o cine e os contos.
Despois deixounos un tempo para que lle fixeramos preguntas, o que aproveitamos para indagar sobre o libro "Casas" que estabamos a ler na aula.
Contounos, por exemplo que escribira este libro porque nese momento estaba a buscar unha casa para ela, e iso levouna a pensar na cantidade de casas distintas que hai.
Rematou a visita contándonos un conto. O título "O señor da noite" Recordades..."Onde estás, Xan sen medo, ven aquí e xa te teño"
Que grande contacontos es Paula!
Graciñas por compartir ese tempo con nós!

"CASAS"

Casas repasa en vinteun capítulos outros tantos tipos de vivendas nas que os seres humanos ou os animais moran. Faino, amais, alternando o relato en prosa co poema narrativo, nunha complementariedade que engade un agradecido plus estilístico a un discurso sempre imaxinativo, benhumorado e non por iso exento de comprometida crítica para con sensibles cuestións sociais que aparecen sutilmente tratadas como pano de fondo.
Desfilan, así, pola obra as casas de palla, as casas niño dos paxaros, a casa ás costas do caracol, a casa allea do cuco, a casa haima, a casa iglú, a casa de bonecas ou a casa barco, entre outras.

O martes día 25 de febreiro chegou ao noso colexio unha escritora chamada Paula Carballeira Cabana. É unha muller xoven e simpática.
Nos falou dun libro moi interesante titulado Casas.
A ela gústalle moito escribir contos para nenos e maiores.
Cando ela era pequena vivía nun piso cun irmán.Despois naceu a súa irmá pequena .
Entón tiveron que ir a outra casa que non era un piso.
Pero como Paula durmía no último andar da casa, tiña moito medo.
E se llo contase aos seus irmáns, o medo que tiña olvidabaselle, e pasáballo a eles.
Finalmente contounos un conto de dous irmáns chamados Xian eXiana.Xiana era lista e Xian dicía que era moi valente e non tiña medo a nada.
Foi un encontro moi bonito e interesante.

Inés Leila Mebdoua Daoudi. 4ºB

DÍA DA POESÍA

Rosalía Morlán

O día 21 de marzo foi o día mundial da poesía.
Ese mesmo día, recibimos a visita da poetisa Rosalía Morlán.
Díxonos que a poesía sae do corazón, e tamén que para poder escribila, hai que ler. Encargounos tres tarefas:

- *Ler*
- *Traballar*
- *Axudar*

Ela gañou un premio Esquío cunha poesía baseada nun músico que actúa nas rúas de Santiago titulada "Mientras el tiempo se escapa".

Escribiu un libro chamado "A Coitada Lúa". Ese libro témolo nós na biblioteca do colexio.
A miña parte preferida foi cando nos regalou a Galiña Choca e a pedra máxica.
Foi xenial!

Esta é unha poesía dedicada a Rosalía Morlán:

CLARO COMA AUGA

Claro coma auga ,
isto é o mellor.
Claro coma auga,
estrelas ao redor

Hai unha estreliña,
que alumea máis que as demais .
Fermosa,bonitiña;
Rosalía Morlán

Imaxinar, imaxinaba
aquela estreliña soñaba.
Claro coma auga o deixei,
a historia rematei.

Estela Pintos Freire. 4ºB